



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE ABRIL DE 2019

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/1823/2016.- IVÁN GENDRA PEÑA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Mallou de Abaixo nº 83.

LIC/795/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para a instalación dun ascensor no inmovible sito na rúa Santiago de Guayaquil nº 12.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de legalización de reforma parcial de vivenda sita en Camiño de Ameixaga, 3. LIC/1931/2018. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Mallou de Abaixo nº 83. LIC/1823/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor no inmovible sito na rúa Santiago de Guayaquil nº 12. LIC/795/2018. Apróbase a proposta.

4 a 29.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre construcións, instalacións e obras. Apróbase a proposta.

30.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento da solicitude de exención no imposto sobre bens inmoables a ESCUELAS DE LA INMACULADA CONCEPCIÓN. Apróbase a proposta.

31.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo da sesión de data 26.10.18, de rexeitamento dun recurso de reposición no IBI. Apróbase a proposta.

32.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto por dona JOSEFA MAYO HOMBRE no imposto sobre o aumento e valor de terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

33.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

34.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato para a mediación dos riscos e seguros do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase prorrogar polo prazo dun ano, desde o 12 de xullo de 2019 ata o 11 de xullo de 2020, o contrato baseado para a mediación dos riscos e seguros do Concello de Santiago coa única adxudicataria do lote nº1 do acordo marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros pola central de contratación da FEMP, Willis Iberia Correduría de Seguros e Reaseguros SA.

35.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prórroga do contrato coa sociedade mixta XADE, SL, para a xestión do multiusos Fontes do Sar. Acórdase prorrogar o actual contrato coa sociedade mixta XADE ata o 19 de maio de 2020, facendo coincidir a finalización desta prórroga coa acordada por unanimidade e de forma expresa no consello de administración do Consorcio respecto das instalacións deportivas de Sar.

36.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta

37.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.

38.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial dando conta da subcontratación dos traballos de escavación en gabia nas "Obras para execución dun aparcamento provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque da Sionlla". Dáse conta da subcontratación por parte da empresa contratista Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA coa empresa Excavaciones Pérez Lois SL dos traballos de escavación en gabia nas obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio no parque empresarial da Sionlla.

39.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa á aprobación das tarifas do recinto feiral de Amio para 2019. MONFOBUS, S.L. Apróbase a proposta.

40.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e CORRELINGUA para as súas actividades do ano 2019 en Santiago. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 2.500 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia e Informática relativa ao abono por parte da empresa adxudicataria do contrato de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións á normativa de tráfico viario urbano e calesquera outras infraccións no ámbito da seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios, dos importes que recibe o Concello da entidade Correos en relación ás notificacións desas sancións. Acórdase que a empresa SCI abone o importe do detallable que recibe o Concello de Correos, de tal xeito que na factura que se emita por parte de SCI mensualmente en concepto de retribución polos traballos realizados sexa descontado o custo do importe das notificacións.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á convalidación de gasto correspondente a contrato menor por razón de contía. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza ao Consorcio de Santiago para o proxecto de adecuación da ala sur do convento de San Domingos de Bonaval. Apróbase a licenza para o desenvolvemento do proxecto, cun orzamento de execución material de 2.065.511,02 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á posta a disposición do Consorcio de Santiago dos elementos da ala sur do Convento de Santo Domingo de Bonaval afectados polo proxecto básico e de execución de adecuación da ala sur do convento coa finalidade de que se poidan executar as obras previstas. Apróbase a proposta. Faise constar que esta posta a disposición supón unha autorización da propiedade para acometer as obras pero non prexulga outras autorizacións que sexan necesarias para a súa execución. Así mesmo, non modifica as cláusulas de cesión do uso ao Museo do Pobo Galego.

5.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á toma de razón da concesión dunha subvención directa de axuda para a realización dos Fogos do Apóstolo

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

2019. Acórdase a toma de razón da concesión dunha subvención directa de 260.000 euros outorgada polo Consorcio de Santiago para a realización do espectáculo dos Fogos do Apóstolo.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á prórroga do contrato para a prestación do servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago. Apróbase a prórroga do contrato subscrito coa empresa ACUNTIA SA polo prazo dun ano, a contar desde o 2 de maio de 2019.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á ampliación do prazo de execución das obras do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros do CEIP das Fontiñas. Acórdase ampliar en dous meses o prazo de execución das obras, que inicialmente remataba o pasado 11 de abril, por mor da necesidade de retranqueo dunha liña eléctrica non prevista no proxecto.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á ampliación do prazo de execución das obras de ampliación do patio e dotación do parque infantil no CEIP Quiroga Palacios. Acórdase ampliar en dous meses o prazo de execución, que inicialmente remata o 20 de abril, por mor da necesidade de realizar traballos complementarios no saneamento non previstos no proxecto.

9.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do convenio co Consorcio de Santiago para a cesión en réxime de comodato das obras do legado do pintor Carlos Maside. Apróbase a proposta.

10.-Proposta de alcaldía relativa á adxudicación do contrato privado con RIFF Producciones SL da actuación do artista internacional Bob Dylan no Multiusos Fontes do Sar. Apróbase a contratación a RIFF Producciones SL da organización e desenvolvemento da actuación de Bob Dylan o día 29 de abril de 2019 no Multiusos Fontes do Sar, cun orzamento de 50.000 euros.